

SEMINARIO

**TICs, currículo e biblioteca:
Web 2.0.**

**CEIP Manuel Sueiro
Ourense**

Curso 2015/2016

ÍNDICE

1. Título do seminario.
2. Xustificación.
3. Obxectivos.
4. Contidos.
5. Programa de actividades.
6. Metodoloxía.
7. Organización de recursos humanos e materiais.
8. Proceso e criterios para a avaliación do proxecto.
9. Temporalización.
10. Materiais que se van elaborar.
11. Indicación expresa de que para este seminario non foi recibida ningunha outra achega económica.

1. Proxecto:

TICs, CURRÍCULO E BIBLIOTECA:

WEB 2.0

2. Xustificación

Entendemos que a realización deste Seminario é unha ferramenta de moito valor para a introdución das TICs no noso centro, e darlle continuidade ao traballo desenvolvido nos últimos cursos desde o Equipo de Biblioteca e Equipo TIC do colexio.

Por outra banda, na actualidade a incorporación das ferramentas relacionadas coas Novas Tecnoloxías da Información e a Comunicación na sociedade faise cada día máis evidente. A escola, como centro de formación, debe axeitarse á realidade que a comunidade vive en cada momento, é por isto polo que a integración na vida escolar das T.I.C.s se converte nunha necesidade imperiosa.

Asemade, a biblioteca do noso centro está a funcionar como un **centro de recursos activo** no colexio, segundo as directrices marcadas no Decreto 105/2014 do 4 de setembro que di no seu Título III que *“os centros docentes contarán cunha biblioteca escolar, instrumento fundamental para o desenvolvemento do programa de promoción da lectura, como centro de referencia de recursos da lectura da información e da aprendizaxe e punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a*

creatividade, as aprendizaxes e o traballo colaborativo ademais de estimular os intercambios culturais no centro.”.

Por iso, vémonos na **necesidade** de conseguir unha serie de estratexias e técnicas que nos permitan poder integrar as TICs e a biblioteca no currículo e o currículo na biblioteca e no emprego das TIC para desenvolver varios dos obxectivos propostos no plan TIC e no plan anual de lectura, e mellorar así o funcionamento do centro, en xeral, e biblioteca en particular.

Entendemos que a posta en práctica deste proxecto **vai a ser moi importante** para o bo funcionamento do centro, xa que estamos a dinamizar o emprego das TICs, implicando nesta dinamización a todos os sectores educativos, o que redundará na mellora da calidade educativa do centro.

3. Obxectivos

3.1. Finalidade

Conseguir unha serie de estratexias, recursos e técnicas que nos permitan continuar mellorando a coordinación e funcionamento no emprego das TIC no centro e na biblioteca.

3.2. Obxectivos

- ✓ Revisar e analizar aspectos do uso e funcionamento das TIC que precisen ser mellorados.
- ✓ Elaborar propostas TIC concretas que incidan na mellora do funcionamento da biblioteca e do currículo.

- ✓ Coñecer e familiarizarse co uso da web do centro en Drupal.
- ✓ Manter e actualizar os blogs do centro.
- ✓ Coñecer e familiarizarse co uso da aula virtual do centro en Moodle.
- ✓ Adquirir unha formación teórica e práctica para saber realizar actividades e recursos TIC de aplicación no aula.
- ✓ Adquirir estratexias necesarias para a elaboración de recursos de investigación educativa: Webquest e Cazas do Tesouro.
- ✓ Propiciar un momento e lugar de encontro para o intercambio de experiencias TIC que repercutan na mellora do proceso de ensino e aprendizaxe.
- ✓ Coñecer diferentes utilidades e programas da web 2.0 que poidan ser de utilidade no aula.
- ✓ Crear recursos didácticos, sexan ou non interactivos, para o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.
- ✓ Coñecer o funcionamento de diferentes ferramentas de autor: EXE Learning, LIM...

4. Contidos

- ✓ Implicación das novas tecnoloxías na educación. Modos de integración curricular.
- ✓ Dinamización da web dinámica do centro. Drupal.
- ✓ Blogs en drupal dentro da web do centro.
- ✓ Dinamización do aula virtual do colexio. Moodle.
- ✓ Recursos e utilidades da web 2.0.

- ✓ Ferramentas de autor de creación de recursos TIC: Exe Learning, LIM, ...
- ✓ As webquest como ferramentas de educación documental.

5. Actividades

As actividades iranse realizando na orde en que aparecen a continuación, aínda que pode haber algún cambio, dependendo da evolución nas aprendizaxes adquiridas:

- ✓ Estudo e reflexión sobre todos os aspectos que imos a desenvolver ao longo deste proxecto.
- ✓ Familiarizarse co Espazo abalar.
- ✓ Familiarizarse co funcionamento da web do centro (Drupal) e ser quen de crear contidos propios nos diferentes bloques.
- ✓ Coñecer o funcionamento do aula virtual e crear cursos en Moodle para a súa utilización en clase.
- ✓ Mantemento do blog en drupal para a biblioteca no espazo web do centro no que se reflectirá toda a actividade da biblioteca ao longo do curso.
- ✓ Realización de documentos colaborativos entre todos os membros do Seminario utilizando Google Docs.
- ✓ Adquirir a formación necesaria para a elaboración de webquest, miniquest e cazas do tesouro.
- ✓ Crear webquest con exelearnig.
 - Webquest sobre “San Valentín”.
 - Webquest sobre o “Día das Letras Galegas”.
 - A lagoa de Antela.

- Outras...
- ✓ Elaboración de actividades en LIM.
 - A lagoa de antela.
 - Unidade didáctica de metereoloxía....
- ✓ Familiarizarse co funcionamento da web de Bitstrips para organizar un concurso de Banda deseñada entre o alumnado con esta ferramenta.
- ✓ Empregar recursos e programas da web 2.0 para actualizar a web do centro e como recursos educativos.
- ✓ Elaborar curtas sobre as lendas traballadas na Hora de ler.
- ✓ Colocar todo o material elaborado no Seminario dentro do aula virtual de moodle do noso CEIP, con acceso libre como invitado.

6. Metodoloxía

Propómonos desenvolver unha metodoloxía práctica e participativa. Partirase de acordos verbais previos e exposicións de ideas.

As reunións celebraranse baixo un marco de diálogo e abertas a compartir experiencias.

Combinarán as sesións formativas destinadas ao estudo e análise de materiais mediante a lectura de documentos específicos (artigos, ferramentas de autor, web 2.0, ...) e a docencia do coordinador, xunto con sesións prácticas para a realización das actividades derivadas do coñecemento adquirido.

En ambos casos, ditas sesións incluírán un tempo para a reflexión en común, a toma responsable e consensuada de decisións e a determinación de tarefas para a súa execución en posteriores sesións de traballo no centro.

7. Organización de Recursos.

Persoais:

Para a realización deste proxecto contamos co compromiso de colaboración de todas e todos os seus membros.

Tamén será necesaria o asesoramento dos membros do CFR. responsables do noso centro.

Das sesións programadas con actividades de docencia encargárase o coordinador TIC do centro: Norberto Blanco Dorrío.

Materiais:

Para a realización das diversas actividades propostas serán precisos os seguintes recursos materiais:

- Ordenadores e cañón proxector.
- Tablets.
- Un encerado dixital interactivo.
- Memorias USB.
- Diverso material funxible: papel, cartolinas, ceras, pinturas, plásticos, cds, dvds... para por en práctica as sesións e actividades programadas co alumnado.

- Tóner de impresora para facilitar os documentos escritos elaborados ou necesarios para realizar as actividades programadas.
- Plastificadora, cámara de fotos, escáner...

8. Proceso e criterios de avaliación

A valoración do traballo realizado será eminentemente formativa, contextualizada ás diferentes fases de desenvolvemento do proxecto e principalmente cualitativa. A recollida de datos servirá de base para a formulación de estimacións obxectivas que fundamenten a valoración e a toma de decisións que deriven en correccións sobre a marcha ou propostas de mellora futuras.

Establecemos un primeiro momento para a avaliación do seguimento das actuacións á metade do calendario de reunións, e outro ao final coincidindo coa elaboración da memoria do Seminario.

Os contidos da avaliación concréntanse nestes tres bloques de indicadores, onde se fai mención ás ferramentas que se usarán:

A. Informe de valoración conxunto en canto ao funcionamento do Seminario:

- adecuación da finalidade e obxectivos á situación de partida
- idoneidade dos contidos seleccionados
- metodoloxía de traballo seguida
- resultados (materias didácticas) obtidos
- eficacia da documentación e recursos utilizados: claridade, rigor,

pertinencia, concreción, aplicabilidade didáctica...

- distribución e asignación de tempos (Seminario, sesións, tarefas, etc.)
- apoio e seguimento prestado polo CFR (axuda económica, asesoramento e información, facilitación de recursos...)
- análise e valoración das producións.
- Aplicación e repercusión do proxecto na práctica educativa.

B. Informe de valoración individualizado con relación ao rendemento profesional:

- satisfacción persoal en relación ao coñecemento alcanzado, e a súa relevancia e oportunidade,
- grado de aplicabilidade na aula
- nivel de implicación individual e de grupo
- eficacia das tarefas realizadas de forma práctica

C. Táboa de rexistro en referencia aos resultados obtidos onde se cuantificará nº de:

- técnicas e/ou estratexias analizadas, (utilidades no caso de aplicacións informáticas).
- documentos de apoio (artigos, propostas, programas educativos...)

estudados e/ou debatidos en grupo, de carácter teórico-práctico

- tarefas operativas (técnicas) desenvolvidas (confección de material para o alumnado, adaptación de propostas, elaboración de programas, protocolos, unidades didácticas, etc.)
- propostas didácticas elaboradas e/ou adaptadas
- recursos didácticos estudados (actividades, materiais, aplicacións informáticas...)

9. Calendario e horario previstos de realización do proxecto

DATA	ACTIVIDADE	HORAS	LUGAR
04/11/15	Estudo e reflexión sobre o proxecto	3	CEIP Manuel Sueiro
05/11/15	Docencia: WD do centro: drupal.	3	CEIP Manuel Sueiro
11/11/15	Docencia: Web 2.0 Imaxes.	3	CEIP Manuel Sueiro
18/11/15	Docencia: Web 2.0. Imaxes.	3	CEIP Manuel Sueiro
25/11/15	Docencia: Web 2.0. Sons.	3	CEIP Manuel Sueiro
02/12/15	Docencia: Web 2.0 Outros recursos.	3	CEIP Manuel Sueiro
09/12/15	Aula Virtual: Moodle.	3	CEIP Manuel Sueiro
16/12/15	Blog en Google.	3	CEIP Manuel Sueiro
13/01/16	Blog en Drupal	3	CEIP Manuel Sueiro
20/01/16	Dinamizando a web do centro.	3	CEIP Manuel Sueiro
27/01/16	Dinamizando o blog da biblioteca.	3	CEIP Manuel Sueiro
03/02/16	Dinamizando a Aula Virtual.	2	CEIP Manuel Sueiro
17/02/16	Webquest en Exelearnig (T.I)	2	CEIP Manuel Sueiro
24/02/16	Uso de LIM (T.I)	2	CEIP Manuel Sueiro
02/03/16	Aula Virtual: Moodle (T.I)	3	CEIP Manuel Sueiro
09/03/16	Creación de Webquest (T.I)	3	CEIP Manuel Sueiro
27/04/16	Avaliación	2	CEIP Manuel Sueiro
04/05/16	Dossier final. Recursos en Moodle. Memoria	3	CEIP Manuel Sueiro

10. Materiais que se van elaborar e compromiso de entrega dos mesmos

Temos previsto realizar, entre outros, os seguintes materiais educativos ao longo deste Seminario:

- Cursos en moodle:
 - Recursos da web 2.0 para a biblioteca.
 - Compilación de recursos audiovisuais para a aula de apoio.
- Contidos en drupal:
 - Compilación de Recursos educativos para as diversas celebracións do ano escolar.
 - Libro sobre lendas populares en galego.
 - Libro sobre recursos educativos para as Letras Galegas.
- Blog:
 - Mantemento e actualización dos blog de biblioteca e meteoroloxía.
- Ferramentas de autor:
 - Exelearning.
 - Exelearning sobre o PEC do centro e os seus Plans e programas.
 - Exelearning coas programacións didácticas de aula.
 - Webquest sobre San Valentín.
 - Webquest sobre o homenaxeado nas Letras Galegas.
 - Outras WQ.
 - LIM.
 - LIM sobre a Lenda da Lagoa de Antela.
 - LIM sobre Meteoroloxía.
- Tratamento de imaxes:
 - Tratamento de imaxes con programas da web 2.0
- Tratamento de sons:
 - Tratamento de sons con programas da web 2.0

11. Orzamento

Concepto	Desagregación		Importe
	Nº horas	Euros/ hora	
Docencia	15		0 *
Gastos de mantenza, desprazamentos e aloxamento de relatores e asistentes			0 *
Gastos de material ofimático, bibliográfico e funxible	1000		1000
TOTAL			1000

* O relator será o coordinador do Seminario polo que non lle corresponde gratificación remunerada.

12. Outros aspectos salientables

Para a realización deste proxecto non foi recibida ningunha achega económica nin se ten solicitada.

Ourense, a 15 de outubro de 2015

Sinatura do coordinador:

Asdo.: Norberto Blanco Dorrío

